



PLAN DIXITAL CPR PLURILINGÜE LA INMACULADA

VERSIÓN 1.0 XUÑO 2022



Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD



PLAN DIXITAL DO CENTRO PLURILINGÜE “LA INMACULADA” (Ponteareas) 2002

1. **Introdución**

1.1. Datos básicos do centro.

O colexio da Inmaculada, sito na rúa Amado Garra nº 2 de Ponteareas, ten un carácter singular dentro do ámbito da educación ó tratarse dunha Fundación. É, polo tanto, un centro escolar privado-concertado pero sen ánimo de lucro, que naceu coa finalidade de prestar un servizo ó pobo de Ponteareas.

Ó tratarse dunha doazón que ten como única misión desenvolver un labor social, neste caso o ensino, o colexio está rexido por un Padroado. Este organismo é quen vela polo cumprimento desta función, ademais de ser de quen dependen todas as decisións que afectan ao funcionamento de centro, orzamentos, nomeamento do profesorado, etc. Este padroado está composto polos seguintes membros: Delegado de Educación de Pontevedra; como representantes do pobo: o Xuíz, o Notario, o Alcalde, o Párroco; como representante dos pais e do centro escolar: o Presidente/a da ANPA e a Directora do centro.

O colexio da Inmaculada é un centro escolar de Educación Infantil, Primaria e Secundaria que ten máis de trescentos alumnos, repartidos en trece aulas, cada unha dun nivel educativo.

O claustro de profesores está formado por vinte e catro docentes das diferentes niveis e especialidades.

O Colexio ten, ademais, un Departamento de Orientación, conformado por tres especialistas, e un Departamento de Pastoral, espazo dirixido por unha profesora, que coordina a educación en valores que se desenvolve dende toda as áreas.

A educación que se ofrece no colexio comeza aos tres anos e abarca ata 4º de ESO.

Máis datos de interese:

Correo electrónico: cpr.lainmaculada.ponteareras@edu.xunta.gal

Páxina web: www.colexioinmaculada.com

Facebook: @colexioinmaculada

Instagram: @colexioinmaculada

Twitter: @La_Inmaculada_

[



PLAN DIXITAL DO CENTRO PLURILINGÜE “LA INMACULADA” (Ponteareas) 2002

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- Os alumnos que cursan os seus estudos neste Colexio proceden na súa maioría do centro urbano e de parroquias colindantes (o Colexio non dispón de transporte escolar e son os propios pais os que se encargan de traer os seus fillos). Debido os movementos de poboación hai unha pequena porcentaxe de alumnos inmigrantes. Os alumnos pertencen a unha clase media, conformada na súa maioría por asalariados, aínda que tamén hai persoas pertencentes a profesión liberais.
- Nunha sociedade na que a dixitalización é un motor de modernidade, a escola non pode manterse ao marxe deste proceso polo que o Plan Dixital é fundamental para que o proxecto educativo estea actualizado e contribúa a o mellor aproveitamento e coñecemento por parte tanto do profesorado como do alumnado, das novas ferramentas dixitais que están en continua evolución.
- Na Programación Xeral anual do vindeiro curso 22/23 Un dos obxectivos principais será a posta en marcha deste novo Plan Dixital, centrándonos na formación do profesorado e na mellora e ampliación das infraestruturas existentes no centro.

1.1. Breve xustificación do mesmo.

Normativa:

- Según os **Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación**, Os centros educativos deberán utilizar sistemas de información utilizados polas administracións educativas tanto para a xestión académica e administrativa como para o soporte á aprendizaxe.

As administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoveran o uso das TIC na aula como medio didáctico apropiado para levar a cabo tarefas de ensinanza e aprendizaxe do mesmo xeito que as entornas virtuais que facilitarán a consecución de obxectivos concretos do currículo

Proxecto Educativo do Centro recollerá todas as estratexias dixitais que afecten ao entorno educativo.

- Según a **Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022, os centros docentes elaborarán no curso 2021-22 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.



PLAN DIXITAL DO CENTRO PLURILINGÜE “LA INMACULADA” (Ponteareas) 2002

- **Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- **Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional**, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.2. Proceso de elaboración

O equipo encargado da elaboración e dinamización do PD do noso centro está formado por a Xefa de estudos: Mónica Carrera Martínez e a Directora do centro Rosa María García Otero.

O proceso de elaboración do PD foi o seguinte:

Novembro 2021: Primeiro contacto do coordinador ADIX Don José Emilio Gómez Fernández coa coordinadora do PD do centro.

Decembro 2021: Elaboración do Informe SELFIE.

Febreiro 2022: Realización do Test da Competencia Dixital Docente por parte do profesorado.

Marzo 2022: Recompilación de datos, reflexión e elaboración do análise DAFO.

Maio 2022: Definición de obxectivos e accións a seguir no noso Plan.

Xuño 2022: Elaboración da versión 1.0 do Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

As infraestruturas dixitais das que partimos no centro consistían en ADSL con cable axial e 4 antenas de amplificación da sinal WIFI repartidas polas instalacións. No despacho de dirección, na secretaría e na aula de informática a conexión era por cable.

En canto ao equipamento, dispoñíamos de ordenadores portátiles en todas as aulas para o seu uso por parte do profesorado incluída a sala de profesores, e unha aula de informática con 15 postos fixos para o seu uso por parte do alumnado.

A maiores, o centro conta cunha páxina web en funcionamento dende o 2009, plataforma de aula virtual dende o 2020, e aplicacións móbiles para o contacto directo coa familia: Abalar e Tokapp.



PLAN DIXITAL DO CENTRO PLURILINGÜE “LA INMACULADA” (Ponteareas) 2002

O mantemento destes equipos faise por conta dunha empresa externa, con revisións periódicas dúas ou tres veces durante o curso escolar.

No caso de confinamento ou enfermidades de longa duración o centro conta cun Plan de continxencia para a organización da educación a distancia.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3	3,2			
	Profesorado	4,1	4			
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,3	3,3			
	Profesorado	3,6	3			
	Alumnado	3,5	3,2			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,3	4			
	Profesorado	4,4	4,2			
	Alumnado	3,8	3,3			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,3	4			
	Profesorado	3,5	3,3			
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,5	4,3			
	Profesorado	4,3	4			
	Alumnado		4,1			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,8	3,6			
	Profesorado	3,9	3,5			
	Alumnado	3,4	3			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,8	2,9			
	Profesorado	3,6	3,1			
	Alumnado		2,7			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,5	3,7			
	Profesorado	4,2	3,7			
	Alumnado	3,7	3,4			

Test CDD

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>18</u>	<u>24</u>	<u>75%</u>
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO	<u>2</u>	<u>3</u>	<u>66,7%</u>
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro



PLAN DIXITAL DO CENTRO PLURILINGÜE “LA INMACULADA” (Ponteareas) 2002

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
74,4	<u>Integrador/a (B1)</u>	76,4	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	<u>85,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	79,2	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>2</u>	<u>10%</u>
A2	<u>8</u>	<u>40%</u>
B1	<u>8</u>	<u>40%</u>
B2	<u>5</u>	<u>25%</u>
C1		
C2		
TOTAL	<u>23</u>	<u>115%</u>

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	- Equipos informáticos en todas as aulas (ordenador, encerado dixital, na biblioteca, sala de profesores... - Conexión Wifi en todo o recinto escolar	Equipamento escaso na aula de informática
	PERSOAL DOCENTE	- Uso dun entorno virtual de aprendizaxe (classroom) e blogs nalgúnhas das materias. - Uso de recursos en liña desde diferentes materias. - Boa disposición pola maioría do profesorado a formación e dar o paso a dixitalización.	- Descoñecemento sobre dereitos de autor e licenzas de uso. - Falta de elaboración de material dixital propio. - Formación do profesorado. - Non se levan a cabo intercambios de experiencias con outros centros. - Falta de proxectos interdisciplinares. - Uso de prácticas de avaliación tradicionais, non se usa a avaliación dixital. - Falta de autoreflexión
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	Interese e curiosidade polo mundo dixital	Creación de contidos por parte do alumnado.
	FAMILIAS		



PLAN DIXITAL DO CENTRO PLURILINGÜE “LA INMACULADA” (Ponteareas) 2002

			1. A maioría das familias non presentan interese polo proceso de dixitalización. 2. Baixo nivel de dixitalización das familias.
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. Continua comunicación coa comunidade educativa a través de Tokapp, páxina Web e classroom. 2. Posibilidade de seguir as clases en liña a través de Meet para alumnado confinado ou enfermos de longa duración	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		Ao ser un centro concertado existe menos oferta de cursos ofertados pola administración
	LEXISLACIÓN	A nova lexislación fainos conscientes do nivel de dixitalización do profesorado.	
	CONTORNA		1. Nivel socio-económico familiar medio/o / baixo, polo que non todas as familias dispoñen de recursos dixitais necesarios. 2. Problemas de conexión nalgúns zonas do rural.
	ANPA	Sensibilidade que se traduce na organización de actividades extraescolares relacionadas có mundo dixital	
	OUTRAS ENTIDADES	Biblioteca municipal que oferta equipos informáticos con conexión a internet aos seus usuarios de modo gratuíto	

3.

4. Plan de Acción

Para iniciar o Plan de Acción deste curso partimos duns recursos centrados nunha aula de informática onde o nº de equipos é bastante limitado, dunha aula virtual Classroom que comezamos a utilizar en tempos de confinamento por mor da pandemia e de encerados dixitais en todas as aulas. A rede wifi precisa de ser ampliada para poder ter máis rapidez e cobertura.

Tendo en conta toda esta situación traballaremos intentando flexibilizar os horarios da aula de informática, ampliaremos os recursos que os profesores suban a aula virtual, aumentar as actividades dos alumnos/as na aula virtual.



PLAN DIXITAL DO CENTRO PLURILINGÜE “LA INMACULADA” (Ponteareas) 2002

4.1. Obxectivos, indicadores e acción

Tendo en conta as debilidades e fortalezas atopadas a partir da nosa análise DAFO, consideramos que os obxectivos mais urxentes para iniciar o proceso de dixitalización son os seguintes:

1- Promover o uso xeneralizado da aula virtual por parte do profesorado e do alumnado.

O Indicador de logro deste obxectivo será acadar que o 75% do profesorado utilice a aula virtual.

As accións a desenvolver serán:

- Ao inicio do curso (dúas primeiras semanas) repaso e formación no uso da aula virtual cos alumnos/as .
- Ao longo de todo o curso realización de actividades dos alumnos/as e elaboración de recursos por parte do profesorado.

O seguimento da realización deste obxectivo levarase a cabo polo equipo Tic de forma trimestral.

2- Mellorar a competencia dixital do profesorado.

Os indicadores de logro serán a realización dos cursos propostos pola dirección do centro polo 100% do profesorado, ofertados pola patronal, sindicatos, etc.

As accións a desenvolver serán:

- A creación de grupos de traballos por niveis de competencia dixital que traballarán ata o final de curso.
- Flexibilización do horario das complementarias do profesorado para facilitar a asistencia as titorías destes cursos.
- Pescudar experiencias que se estean a levar noutros centros.

O seguimento destas accións levarase a cabo pola dirección e o equipo TIC

3- A mellora da rede wifi no centro

Indicadores de logro:

O uso dun maior numero de dispositivos ao mesmo tempo, pasando de 4 puntos de acceso ADSL300 a 16 puntos de fibra 1GB

As accións a desenvolver serán:

Determinar as necesidades de acceso a Wifi do centro e a súa modificación.

Seguimento:



PLAN DIXITAL DO CENTRO PLURILINGÜE “LA INMACULADA” (Ponteareas) 2002

O seguimento desta mellora levarase a cabo ao remate do primeiro trimestre polo equipo directivo e o equipo TIC.

4.2.3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Para favorecer o crecemento dixital do noso centro en torno as tecnoloxías precisamos mellorar as instalacións e os equipamentos do centro. Para cubrir esta necesidade o vindeiro curso aumentaremos o número de equipos da aula de informática e melloraremos a rede de conexión a internet.



PLAN DIXITAL DO CENTRO PLURILINGÜE “LA INMACULADA” (Ponteareas)
2002

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: D (DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO)					
1. OBXECTIVO (1):		MELLORAR A COMPETENCIA DIXITAL DO PROFESORADO			Acadado
RESPONSABLE:		XEFATURA DE ESTUDOS			Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		REALIZACIÓN DOS CURSOS PROPOSTOS POLA DIRECCIÓN DO CENTRO OFERTADOS POLA PATRONAL (CECE), SINDICATOS...			
Valor de partida (3)		0%			
Valor previsto e data (4)		100%		XUÑO 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)			
					ESTADO(10)
AO1.1: CREACIÓN DE GRUPOS DE TRABALLO POR NIVEIS DE COMPETENCIA DIXITAL	XEFATURA DE ESTUDOS	MAIO 2023			Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: MODIFICACIÓN DO HORARIO DE HORAS COMPLEMENTARIAS PARA A ASISTENCIA ÁS TUTORIAS DOS CURSOS	XEFATURA DE ESTUDOS	MAIO 2023			Realizada
					Aprazada
					Pendente
A01.3: PESCUCHAR EXPERIENCIAS QUE SE ESTEÁN A LEVAR A CABO	DIRECCIÓN. EQUIPO TIC.	DECEMBRO 2022			Realizada
					Aprazada



PLAN DIXITAL DO CENTRO PLURILINGÜE “LA INMACULADA” (Ponteareas)
2002

NOUTROS CENTROS					Pendente
-----------------	--	--	--	--	----------

“Área/s de mellora”: C (INFRAESTRUCTURAS E EQUIPOS)					
1. OBXECTIVO (1):		MELLORA DA REDE WIFI DO CENTRO			Acadado
RESPONSABLE:		DIRECCIÓN			Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		USO DE MAIOR NÚMERO DE DISPOSITIVOS AO MESMO TEMPO			
Valor de partida (3)		4 PUNTOS DE ACCESO WIFI ADSL 300			
Valor previsto e data (4)		16 PUNTOS DE ACCESO FIBRA 1GB			
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
AO1.1: DETERMINAR AS NECESIDADES DE ACCESO WIFI DO CENTRO	EQUIPO TIC E DIRECCIÓN DO CENTRO	OUTUBRO 2022	MEDICIÓN COBERTURA. INVENTARIO DE PUNTOS DE ACCESO.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2:MODIFICACIÓN DA REDE WIFI DO CENTRO	DIRECCIÓN	DECEMBRO 2022	RECURSOS ECONÓMICOS.		Realizada
					Aprazada
					Pendente



PLAN DIXITAL DO CENTRO PLURILINGÜE “LA INMACULADA” (Ponteareas)
2002

“Área/s de mellora”: E (PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS)					
1. OBXECTIVO (1):		PROMOVER O USO XENERLIZADO DA AULA VIRTUAL POR PARTE DO PROFESORADO E ALUMNADO			Acadado
RESPONSABLE:		XEFATURA DE ESTUDOS. EQUIPO TIC.			Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		NÚMERO DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO CO ALUMNADO NA AULA VIRTUAL DO CENTRO.			
Valor de partida (3)		25%			
Valor previsto e data (4)		75% PROFESORES EMPREGAN A AULA VIRTUAL		XUÑO 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
AO1.1: REPASO E FORMACIÓN DOS ALUMNOS E ALUMNAS NO USO DA AV	PROFESORADO. EQUIPO TIC	SETEMBRO 2023	AULA DE INFORMATICA E EQUIPAMENTOS DAS CLASES		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: ELABORACIÓN DE TRABALLOS TRIMESTRAIS DESDE CADA MATERIA FEITOS COS RECURSOS DA AV	PROFESORADO	XUÑO 2023	EQUIPAMENTOS DO CENTRO E DOS PROPIOS ALUMNOS E ALUMNAS.		Realizada
					Aprazada
					Pendente



PLAN DIXITAL DO CENTRO PLURILINGÜE “LA INMACULADA” (Ponteareas) 2002

5. Avaliación do plan

Temporalización: Avaliarase trimestralmente o Plan Dixital e ao remate do curso farase unha avaliación final do mesmo.

Os aspectos a avaliar serán:

- A realización de cursos de formación por parte do profesorado
- Seguimento das inversións e melloras na rede e nos equipos informáticos
- Valoración da realización das propostas de mellora

6. Difusión do plan

A difusión do Plan Dixital farase polos seguintes medios:

- Páxina Web do colexio.
- Información ás familias nas reunións de inicio de curso.